



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2013.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 25 de xaneiro de 2013, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 19 DE OUTUBRO, 30 DE NOVEMBRO E 17 DE DECEMBRO DE 2012.

Abre a sesión o Sr. Alcalde agradecendo ós Srs. concelleiros o adiamento do pleno ordinario para non ter que facer dous en semanas consecutivas, preguntando de seguido se por parte dos Sres. concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Pide a palabra o Sr. Raposo, quen manifesta, en canto á acta da sesión ordinaria de data 19 de outubro, no punto 4, faise referencia á Picha como ubicación dun solo industrial, cando a ubicación é O Campo.

Manifesta o Sr. Alcalde que ese lugar tamén coñécese por este outro nome, pero si o estiman oportuno transcribírase ó Libro de Actas co lugar de O Campo.

Sometido o asunto a votación, apróbanse por unanimidade as actas referidas coa corrección do lugar de O Campo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. ORZAMENTO XERAL 2013. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó CONCELLO PLENO. ORZAMENTO 2013.

Visto o Proxecto dos Orzamentos Xerais do Concello para o exercicio económico 2013 formado por esta Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990, e os documentos os que fai referencia o artigo 166 do Texto Refundido, informado pola Secretaría – Intervención deste Concello, e vista así mesmo a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira; e a plantilla de persoal para o exercicio 2013, e que o teito de gasto ascende a 1.184.398,50€, o Presidente da Corporación propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do concello de Mesía para o exercicio 2013, as súas Bases de Execución e demais documentos obrantes no expediente, incluíndo o teito de gasto de 1.184.398,50€, e que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, o seguinte desglose. Ademais apróbase inicialmente a plantilla de persoal correspondente o exercicio 2013.

ORZAMENTO XERAL ANO 2013.

ESTADO DE INGRESOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

RESUMO POR CAPÍTULOS

A) INGRESOS, RESUMES POR CAPÍTULO

1. OPERACIÓN CORRENTES

CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	273.000,00 €
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	23.000,00 €
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	186.541,41 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.113.651,26 €
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	11.000,20 €
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		1.607.192,87 €

2. OPERACIÓN DE CAPITAL

CAPÍTULO VI	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	326.270,51 €
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		328.270,51 €

TOTAL ORZAMENTO XERAL 1.935.463,38 €



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ESTADO DE GASTOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

RESUMO POR CAPÍTULOS

B) GASTOS, RESUMES POR CAPÍTULO

1. OPERACIÓN CORRENTES

CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSONAL	735.021,76 €
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	667.793,91 €
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCIEIROS	3.000,00 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	41.250,51 €
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		1.447.066,18 €

2. OPERACIÓN DE CAPITAL

CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	469.529,76 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	- €
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEIROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEIROS	16.867,44 €
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		488.397,20 €

TOTAL ORZAMENTO XERAL **1.935.463,38 €**

PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº de Prazas	Grupo	Escala o Sector	Nivel	Situación
Secretario- Interventor	1	A1/A2	HE	28	Propiedade
Administrativo	1	C1	A.Xeral	22	Propiedade
Administrativo	1	C1	A. Xeral	20	Propiedade
Subalerno	1	E	A.Xeral	14	Propiedade

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Técnico especialista en redes	1	0
Peón-condutor	3	2
Asistente domiciliaria	1	0
Encargada da limpeza	1	0
Limpadora	2	0
Conserxe do colexio	1	0
Peón	2	1
Auxiliar axuda no fogar	15	0
Electricista	1	0
Monitor deportivo	1	0
Traballadora social	1	0
Educadora familiar	1	0
Auxiliar servizos sociais	2	0
Técnico de emprego	1	0
Animador deportivo	1	1
Socorristas	2	2



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Segundo. *Expor o público o expediente e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicando o pertinente anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

Terceiro. *O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP. Se se presentasen reclamacións, serán resoltas polo Pleno*

En Mesía, a 22 de xaneiro de 2013. O ALCALDE, Asdo. Mariano Iglesias Castro."

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que o orzamento conta con todos os documentos que legalmente proceden e cos correspondentes informes, destacando como novidade este ano o establecemento dun teito de gasto, en virtude da nova lei de estabilidade orzamentaria. O importe do orzamento é moi similar ó do pasado exercicio, 1.935.463,38€ este ano, fronte a 1.923.807,67€ do exercicio 2012. No estado de ingresos, o capítulo 1 ascende a douscentos setenta e tres mil euros, cunha redución de dezaseis mil euros respecto do ano pasado; no capítulo 2, vinte tres mil euros, cunha redución vinte e sete mil euros respecto do ano pasado; no capítulo 3, cento oitenta e seis mil euros, cunha redución de vinte nove mil euros respecto do ano pasado; no capítulo 4, un millón cento trece mil euros, cunha redución de sete mil euros respecto do ano pasado. O total de ingresos por operacións correntes ascende a un millón seiscentos sete mil euros, o que supón unha redución de oitenta e catro mil euros respecto do ano pasado. Isto ven dado polo descenso da recadación nunha serie de conceptos, xa que nos facemos o orzamento tendo en conta o realmente recadado nos exercicios precedentes. En transferencias de capital o importe ascende a trescentos vinte e seis mil euros, o que significa que prodúcese un incremento de noventa e seis mil euros respecto do ano pasado.

En canto a gastos, no capítulo 1, setecentos trinta e cinco mil euros, o que supón unha redución de corenta e dous mil euros respecto do exercicio anterior; no capítulo 2, seiscentos sesenta e sete mil euros, o que supón unha redución de cento cinco mil euros respecto do exercicio anterior; no capítulo 3, tres mil euros, dous mil menos que o ano pasado, xa que redúcense os intereses da débeda; no capítulo 4, corenta e un mil euros, o que supón unha redución de doce mil euros respecto do exercicio anterior. O total de gasto corrente ascende a un millón catrocentos corenta e sete mil euros, o que supón unha redución de cento sesenta e dous mil euros respecto do exercicio anterior. A inversión, no capítulo 6, ascende a catrocentos sesenta e nove mil euros, co que incrementábase en cento setenta e seis mil euros a do ano anterior, o capítulo 8 non varía, dous mil euros, e o capítulo 9, amortización de débeda, redúcese en dous mil euros. En relación con isto último, sinalar que a carga financeira supón o 0,87% do orzamento.

En canto á plantilla de persoal, manifestar que recolle as persoas que consideramos necesarias, catro funcionarios e trinta e catro laborais temporais, das que seis prazas están vacantes, tres peóns para a época de desbroce, unha animadora deportiva que agora



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

mesmo está vacante, e dous socorristas para a piscina no verán. As auxiliares de axuda a domicilio flutúan durante o exercicio en función das necesidades dos usuarios, tendo en conta os falecementos. Así mesmo inclúese na proposta a supresión da cantidade destinada a persoal de confianza, que nunca se utilizou dende que eu son alcalde.

O Plan de investimentos ascende a catrocentos sesenta e nove mil euros, cento setenta e seis mil euros máis que en 2012, o que supón o vinte e catro por cen do noso orzamento, destinándose fondos propios por importe de cento corenta e tres mil euros, oitenta mil euros máis que o ano pasado, a deputación aporta douscentos setenta e cinco mil, incrementando a súa aportación respecto do ano 2012 en noventa e sete mil euros, e a Xunta mantén a súa, cincuenta mil euros. Inclúese neste Plan o acondicionamento dunha finca en Xanceda, para acopio de materiais e aparcamento cando abra a piscina, a obra de recuperación do patrimonio natural nas Brañas da Valga, cofinanciada por Xunta e Deputación, ademais de fondos propios, a acometida da rede de distribución de auga en Cabrui, así como unha mellora en abastecemento municipal, reparación en camiño na Tieira e en Fonte Capelas, a reposición de viais en Soutelo-Olas, Xanceda- Coba de Vales, e Coba de Vales-Cabrui, obras de bacheo en cinco parroquias e dúas partidas máis xenéricas en función das posibles necesidades ou para cumprimentar subvencións extraordinarias non contempladas no orzamento.

En canto ó préstamo, que finaliza o ano 2024, está pendente de amortizar unha cantidade de douscentos dous mil euros.

Destacar así mesmo que, a 31 de decembro, están saldadas as débedas con acredores e a acta de arqueo reflexa uns fondos líquidos de cincocentos oitenta e seis mil trescentos noventa e sete euros.

Igual que os pasados anos, é este un documento real, o que se ve na pouca flutuación que hai con anos anteriores, son uns orzamentos austeros, pero son os medios que temos. Mantemos as prestacións para os nosos veciños e dispoñemos dun plus para afrontar a crise. A situación da carga financeira non é preocupante. Cumprimos nos pago a provedores a 31 de decembro, polo que este ano non traemos facturas pendentes a recoñecemento extraxudicial, e que o ano pasado ascenderon a sesenta e tres mil euros. Somos unha administración solvente tendo unha fiscalidade das máis baixas da provincia, xa que somos o quinto concello con fiscalidade máis baixa. O concello aportou o trinta por cento dos recursos das políticas sociais.

Xa sei que sería unha osadía pola miña parte pedirilles a todos que votaran a favor, porque me dirán que son os orzamentos do grupo de goberno, pero coido que dado o contexto no que estamos, temos que sentirnos orgullosos. Paso a palabra ós voceiros dos grupos.

Toma a palabra o Sr. Raposo, quen pregunta pola baixa en benestar social, respostando o Sr. Alcalde que a cantidade mantense, o que pode pasar é que flutúe durante o exercicio porque flutúan as persoas atendidas, xa que pode variar a intensidade ou haber falecementos. Normalmente se hai algunha baixa, súplese con alguén en lista de



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

espera. Onde fixemos unha baixa foi en transferencias correntes. Non se contempla o presuposto para calendarios nin os arcos de alumado, e suprimimos a subvención ás asociacións xa que había algunhas que tiñan dificultades para xustificalas ou, directamente, non podían xustificalas. Mantense as axudas ó transporte escolar e por nacemento de fillo, a excursión do CPI e prevéese tamén unha axuda á Escola Tradicional de Música, onde están representadas todas as idades e parroquias. Así mesmo prevéese unha subvención nominativa para os clubs de fútbol, xa que prestamos que fan unha labor importante, e así compensamos un pouco a merma de axudas que están a sufrir.

Toma a palabra o Sr. Álvarez quen agradece a explicación pormenorizada do orzamento por parte do Sr. Alcalde, e tamén que coñeza o sentido do noso voto, xa que, efectivamente, é o equipo de goberno o que prioriza uns gastos sobre outros. Pero iso non me leva a aforrar eloxios sobre todo no que se refire a ter saldadas as débedas con provedores. Alégrome tamén de que diminúa o gasto corrente e se incremete a inversión, pero aínda así o gasto corrente segue parecéndome excesivo, si ben é a nosa opinión.

Sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: oito votos a favor, correspondentes ós concelleiros do PSdeG-PSOE, e tres abstencións, correspondentes ós dous concelleiros do PP e ó concelleiro do BNG.

3. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO CUARTO TRIMESTRE, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Manifesta o Sr. Alcalde que se trata dun informe que se realiza todos os trimestres, no que se pon de manifesto que neste último trimestre non existen obrigas pendentes de pago de máis de tres meses nin se aboaron intereses de demora. Se alguén quere facer algunha consideración respecto ao mesmo, pásolle a palabra.

Non habendo máis intervencións, pásase ó seguinte punto da orde do día.

4. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (291/2012 a 400/2012).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O Sr. Álvarez pregunta por unha serie de decretos referentes a baixas no Padrón de auga. Resposta o Sr. Alcalde que hai persoas que solicitaron o enganche da auga e dado que transcorreu o tempo e non presentaron a documentación que tiñan que presentar ou non pagaron, volvéuselles a preguntar se estaban interesados no servizo, e houbo xente que dixo que “xa non me ten xeito” ou que simplemente renunciou. Entón hai que darlles de baixa para armonizar o Padrón coa realidade.

Non habendo máis intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 11 E 25 DE OUTUBRO, 8 E 22 DE NOVEMBRO, E 5 E 20 DE DECEMBRO DE 2012.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta o Sr. Raposo si é posible aclarar o recorte da extensión dos núcleos da última modificación do PXOM.

Consultado o documento, manifesta o Sr. Alcalde que recortáronse, para adaptarse á Orde da Xunta, os núcleos de Vilar de Abaixo e Lagares, denominados na Orde como Pazo-A Igrexa, A Tieira Grande-A Raíña, Zacotes de Abaixo, Zacotes de Arriba, O Pico e Seble. E en canto ó cálculo do grado de consolidación, afectou a A Igrexa, O Mesón de Varela, O Cruceiro-O Vilar, O Monte, Outeiro, Mandás Busto e Seble, incrementándose a parcela mínima de 600 a 1.000 ou 1.300 metros segundo os casos.

Pregunta o Sr. Raposo, con respecto á concentración parcelaria, si foron recepciónadas as pistas. Resposta o Sr. Alcalde que si foron recepciónadas. Si non foran recepciónadas non se podería facer nada nelas, o que pasou é que eu non tiven a obriga de estampar a miña firma en ningún acta de recepción e, aínda que non debería haber pasado, por un fallo de xestión interna non o souben no seu momento. Quen si tiveron que comprobalas foron os técnicos de concentración para transferilas a dominio público. En todo caso durante o período de exposición das trazas e durante a execución do proxecto non houbo alegacións por parte de ningún veciño nin de ningún membro da Xunta local de concentración. Querer buscar problemas agora resulta paradójico.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pregunta o Sr. Raposo quen vai arranxar esas pistas. Resposta o Sr. Alcalde que o concello, que é tamén quen as vai utilizar, xa que para que os veciños poidan usalas é necesario telas arranxadas.

Pregunta o Sr. Raposo si foron presentados escritos de solicitudes respecto a este asunto e non foron respostados. Resposta o Sr. Alcalde que si é certo. Pero como xa lle dixen, si as pistas non foran municipais non faríamos nada nas mesmas. Eu non pregunto evidencias. Supónseme razoable, pero non teño porqué contestar obviedades.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e corenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,